

HIGH-RISE

[Ben Wheatley, 2015]

115

ESTREA EN NUMAX: 13.05.2016 | V.O.S.E. | +16

FICHA TÉCNICA

Ben Wheatley (2015, 118')

Dirección: Ben Wheatley

Guión: Amy Jump (Novela: J.G. Ballard)

Reparto: Tom Hiddleston, Sienna Miller, Jeremy Irons, Luke Evans, Elisabeth Moss, James Purefoy, Keeley Hawes, Reece Shearsmith, Peter Ferdinando, Sienna Guillory, Stacy Martin

Montaxe: Amy Jump, Ben Wheatley

Dirección de arte: Nigel Pollock, Frank Walsh

Son: Martin Pavey

Música: Clint Mansell

Fotografía: Laurie Rose

Produtora: Recorded Picture Company (RPC), HanWay Films, Ingenious Media, Northern Ireland Screen, Scope Pictures (Reino Unido)

Distribuidora: Betta Pictures

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

FILMOGRAFÍAS

Doctor Who: Deep Breath, 2014 [tv]

A Field in England, 2013

Turistas, 2012

The ABCs of Death, 2012

Kill List, 2011

Down Terrace, 2009

«Ben Wheatley pasou a outro nivel, o dos directores superdotados. Integra o horror, a psicodelia, o surrealismo e a loucura, nunha mestura psicótica, hipnótica, subversiva, grotesca, morbosa.»

Beatriz Martínez. EL PERIÓDICO

SINOPSE

A historia narra a chegada do doutor Robert Laing á Torre Elysium, un enorme rañaceos dentro do cal se desenvolve todo un mundo aparte, no cal parece existir a sociedade ideal. Pero secretamente, o recién chegado sentirase perturbado ante a posibilidade de que esta orde utópica non sexa tal. Sospeitas que rapidamente serán corroboradas do xeito máis sinistro.

FESTIVALS

Donostia 2015

(Sección oficial de longametraxes)



HIGH-RISE

[Ben Wheatley, 2015]

«Gustaríame que non se lera o filme como unha crítica aos bloques de vivendas en xeral»

Entrevista a Ben Wheatley
por Jon Astbury

Entendo que es un afeccionado aos libros de J.G. Ballard desde novo. Que te levou a eles e de que xeito conectaches coa súa obra? Sendo adolescente os seus libros supuxeron unha entrada nunha contracultura esotérica, ao igual ca Burroughs, Hunter S. Thompson e outros autores similares. A cousa con Ballard é que podes voltar a el cada 10 ou 15 anos e as súas novelas son completamente diferentes. De adolescente tiña a ver coa primeira descuberta de cousas como o sexo, as drogas e a violencia. Eu era ademais un grande afeccionado á banda deseñada e todo isto mesturábase coa lectura de *2000AD* ou *Block Manía*, que eran moi *ballardiáns*.

A publicación do libro no que se basea o filme coincidiu con diversos proxectos de edificacións en Londres: a torre Trellick viña de se facer, e as torres Barbican estaban a piques de seren construídas. Ti criácheste en Essex con Ballard e os cómics mais supoño que te achegabas arreo a Londres para experimentar todo isto. Pois o certo é que nunca vin as torres Barbican ou Trellick de neno. Non tiven esa experiencia até que me mudei a Londres nos 80, nos que era habitual quedar coa xente a beber en Barbican.

Daquela non tiveches pesadelos dramáticos do estilo de *High-Rise*? Nun momento dado mudeime dunha escola estatal suburbana de Essex a outra en Chalk Farm, xa dentro de Londres. O primeiro día de clase lembro que moitos nenos no canto de entrar na clase ían esnaquizar fiestras de coches ou meter papel hixiénico ardendo nas caixas de correos. Iso foi o máis parecido a un pesadelo. A sucesión de torres que vai de Chalk Farm a Swiss Cottage foi a miña

primeira experiencia con esa caste de edificios, mais desde logo non ten nada que ver co que se pode ler na novela de Ballard.

Hai quen fai comparanzas entre *High-Rise* e a brutalidade ou o traballo de Oscar Newman arredor do espazo defendíbel. Consideras que teñen sentido? Polo que sei dos rañaceos e as teorías da eliminación dos arrabaldes, hai moita diferenza entre algunhas experiencias americanas, onde vivir nestas edificacións é un luxo, e os bloques de edificios mal construídos nos que a xente vive á forza. Gustaríame que non se lera o filme como unha crítica aos bloques de vivendas en xeral.

A representación de Ballard do rañaceo ou o que el ten chamado *espazo interior*, foi considerado durante longo tempo como infilmábel. Como te enfrontaches a isto? Nunca lle fixen moito caso á idea do imposible de filmar. Cando lin *High-Rise* non foi un libro que me metese medo en termos de adaptación. Porén á guionista Amy Jump si lle dabas problemas nun principio, mais resolveunos moi ben. Non é como cando les *Naked Lunch* de Burroughs, que é moi fragmentada con saltos constantes. *High-Rise* ten unha progresión dramática case hollywoodense. Mais Ballard tamén é escorregadizo. Cando reparas nun personaxe e coidas que xa sabes como é de súpeto convértese noutra cousa, o cal atráeme pois aproxímase máis á vida real.

Cales foron daquela as túas inspiracións cinematográficas ou da vida real para crear este espazo? Algunhas das ideas viñeron dun anuncio que comparaban con *American Psycho*...

... O de Redrow Penthouses? Si! Decía algo así como: «mérécelo, escapa da chusma!». Esa polémica foi moi inspiradora para min, mais realmente o tráiler de *Vinieron de dentro de...*, de David Cronenberg é tamén moi similar, e ademais trátase dun filme escrito e dirixido ao mesmo tempo que o libro de Ballard. Vimos *Vinieron de dentro de...* como preparación para o filme e pensei, «meu deus, son realmente parecidos». Obviamente tratan cuestións similares e ambas introducen o tema das torres a través dos anuncios publicitarios.

Publicada en <http://www.uncubemagazine.com>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

High Rise. J. G. Ballard
Harper Collins, 2016

Crash. J. G. Ballard
RBA, 2015

Milagros de la vida. J. G. Ballard.
Random House, 2008

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org